

CONVOCATORIA	Nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal "Iniciativas comunitarias 2025-2027" con destino ao Servizo de Cooperación
PRAZA/POSTO	1558 - Técnica/ou de proxectos
TIPO	SEGUNDO EXERCICIO – SUPOSTO PRÁCTICO
DATA	05/02/2026
TEMPO MÁXIMO DE REALIZACIÓN	1 hora e 30 minutos

SUPOSTO PRÁCTICO

No marco dun programa de subvencións para mellorar as infraestruturas de abastecemento de auga de consumo humano, unha comunidade de usuarios de auga obtivo unha subvención por importe total de 10.000,00 euros, sobre un orzamento total de 20.000,00 euros (IVE incluído) para realizar as seguintes actuacións:

- Gastos de redacción proxecto	1.000,00 €
- Remodelación de 1,5 km das conducións existentes	10.000,00 €
- Limpeza e roza do terreo anexo	2.000,00 €
- Impermeabilización de depósito existente	3.000,00 €
- Cambio de cuberta do depósito	3.000,00 €
- Instalación de medidores de turbidez	1.000,00 €

Finalizado o prazo de execución, a entidade beneficiaria da subvención xustifica a realización dos seguintes gastos:

- Gastos de redacción proxecto	0,00 €
- Remodelación de 1,5 km das conducións existentes	5.000,00 €
- Limpeza e roza do terreo anexo	500,00 €
- Impermeabilización de depósito existente	2.000,00 €
- Cambio de cuberta do depósito	2.000,00 €
- Instalación de medidores de turbidez	500,00 €

Responda razoadamente as seguintes cuestións:

1.- Xustifique se a remodelación da condución existente require informe da autoridade sanitaria e que documentación debería presentarse para a súa tramitación. (3 puntos)

2.- Analice como debería proceder a administración á vista da xustificación presentada. (4 puntos)

3.- Para a resolución deste exercicio, considerase que as partidas indicadas no caso anterior corresponden ao OEM (Orzamento de Execución Material) dun contrato de obras a licitar e executar por unha administración local.

O orzamento total é de 20.000,00 € (OEM) e contempla, entre outras actuacións, a remodelación de 1,5 km de conducións (10.000 €) e a instalación de medidores de turbidez (1.000 €).

Unha vez executada a obra, convócase o acto formal de recepción para o día 15 de febreiro de 2026. Vostede asiste como representante da Intervención provincial.

Durante o acto, en presenza do representante da Intervención, constátanse os seguintes feitos técnicos respecto ao proxecto aprobado:

- Do 1,5 km de conducións proxectados, só se remodelaron 750 metros (o 50% da unidade principal), sendo estas as finais, xusto no lado oposto do depósito.
- Non se instalou ningún dos medidores de turbidez orzamentados. O contratista alega que a dirección de obra considerounos innecesarios, pero non existe un expediente de modificación do contrato debidamente aprobado.
- A cuberta do depósito presenta materiais de inferior resistencia aos proxectados.
- As obras en cuberta e a impermeabilización eran consecuencia directa das obras de remodelación das conducións existentes, posto que as afeccións das propias obras de execución obrigaban a refacer cuberta e impermeabilización.

3.a- Determine quen son os asistentes preceptivos que deben concorrer a este acto de comprobación material para que o mesmo sexa válido segundo as normas reguladoras da Deputación. Así mesmo, indique con que antelación mínima debe o contratista comunicar por escrito á dirección de obra a data prevista para o remate dos traballos e cal é o prazo máximo da Administración para realizar o acto formal de recepción. (0,5 puntos)

3.b- Ante a falta de execución do 50% das conducións e a ausencia dos medidores de turbidez sen modificación contractual previa, cal debe ser o pronunciamento do representante da Intervención segundo o artigo undécimo da Resolución do 19 de outubro de 2018? Xustifique razoadamente se o resultado da comprobación material debe ser "favorable con observacións" ou "desfavorable", atendendo a se os defectos observados impiden ou non a recepción do investimento. (1,75 puntos)

3.c- De acordo cos modelos oficiais da Deputación (Anexo II), identifique en que suposto específico de opinión desfavorable (do 1 ao 5) ou favorable con observacións encaixa este caso, considerando que existen unidades non executadas e modificacións non tramitadas conforme a normativa. Explique que debe facerse constar necesariamente na acta respecto ás medidas para adoptar polo centro xestor. (0,75 puntos)